



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DA VEIGA PARA A CREACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA INDUSTRIA DE EXTRACCIÓN E ENVASADO DE MEL E OS SEUS DERIVADOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentaria, **DECLARA** :

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar co concello de A Veiga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 7 de novembro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde de Galicia para a creación e posta en funcionamento dunha industria de extracción e envasado de mel e os seus derivados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta na intención das partes de dotar aos veciños apicultores da infraestrutura necesaria para a transformación final do mel e comercialización como produto de calidade diferenciada, contribuíndo a xerar emprego local e fixar poboación no rural. Así mesmo con visitas guiadas aos apiarios e á futura industria, fomentar o coñecemento do Espazo Red Natura – Trevinca, como eixo do desenvolvemento local, satisfacer a crecente demanda turística e ofertar a posibilidade de degustación de produtos tradicionais en maridaxe co mel de A Veiga, envasado baixo un selo diferencial

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a 09 de novembro de 2016

